



INFORME COMPLEMENTARIO SOBRE AS ALEGACIÓNS FORMULADAS AO PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE CREA A REDE DE RESERVAS DA BIOSFERA DE GALICIA.

O 16 de xaneiro de 2017 tense asinado pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural o Informe sobre as alegacións formuladas ao proxecto de decreto polo que se crea a rede de reservas da biosfera de Galicia. O Informe da Asesoría Xurídica Xeral do 17 de abril de 2017, refire a necesidade de completar o Informe de alegacións, toda vez que nel non se recolle unha resposta expresa ao indicado no informe da Secretaría Xeral de Igualdade.

Igualmente procede sinalar as modificacións operadas no texto do proxecto de decreto polo que se crea Rede de Reservas da Biosfera de Galicia, conforme ás consideracións formuladas pola Asesoría Xurídica no seu Informe do 17 de abril de 2017. Neste sentido, as modificacións realizadas no proxecto de decreto motivan, para acadar unha maior coherencia entre o Informe de alegacións do 16 de xaneiro de 2017 e o texto resultante logo do Informe da Asesoría Xurídica Xeral, emitir un Informe complementario ao emitido o 16 de xaneiro de 2017.

Polo exposto procede emitir este Informe de alegacións que ven a complementar o asinado o 16 de xaneiro de 2017, que incorpora tanto a consideración sinalado pola Asesoría Xurídica Xeral, como as valoracións das alegacións formuladas á vista das modificacións operadas no texto do decreto.

I. Información pública e trámite de audiencia. Alegacións.

O 8 de setembro de 2016, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio acordou en base ao artigo 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de Organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, iniciar o procedemento para a tramitación do proxecto de decreto polo que se crea a Rede de Reservas da Biosfera de Galicia.

Neste sentido e de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo Goberno e da Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regula os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, este proxecto de decreto estivo a disposición do público interesado no portal de transparencia da Xunta de Galicia desde o día 25/10/2016 ata o día 15/11/2016. Igualmente, a Secretaría Xeral Técnica desta Consellería co obxecto de dar cumprimento ao trámite de audiencia previsto no artigo 42.3 desta mesma lei ten remitido o 3 de novembro de 2016 o proxecto de decreto ás distintas consellerías



Asemesmo e en cumprimento do artigo 42.3 o dito proxecto foi remitido as entidades que poidan resultar interesadas.

Ao respecto, tense recibido as seguintes alegacións:

1º. Mediante escritos do 24 de novembro de 2016 se formulan as seguintes alegacións:

. Logo de formular unha introducción relativa á data de declaración desta Reserva da Biosfera, o seu funcionamento e composición, sinala que existe dúas comunidades autónomas que teñen creado as súas Redes da Biosfera rexionais, Canarias e Andalucía. Neste sentido, sinala que na composición do Comité de Reservas da Biosfera de Andalucía constan como vogais. Persoas xestoras das Reservas da Biosfera situadas en Andalucía. Ao respecto, alega que na redacción actual do proxecto de decreto polo que se crea a Rede de Reservas da Biosfera de Galicia nin sequera asegura a representación dos órganos de xestión de cada unha das Reservas da Biosfera Galegas, o cal considera fundamental.

. Considera fundamental, ao igual que fixo a Rede Canaria de Reservas da Biosfera, incluír no propio Comité aos responsables das consellerías competentes en materia desenvolvemento sostible e cambio climático, ordenación do territorio, conservación da natureza, desenvolvemento rural, promoción educativa, benestar social, patrimonio cultural e promoción turística, entre outras.

. Dada a importancia da participación como compoñente estrutural do concepto de Reserva de Biosfera, propónse a creación dunha Comisión Consultiva da Rede, como órgano plural de asesoramento e de participación da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia, dependente do Comité de Coordinación. Nesta Comisión poderán formar parte: Representantes dos concellos sitos no territorio no que se estendan as Reservas da Biosfera; representantes de organizacións non gubernamentais, con domicilio e sede social no ámbito territorial das Reservas da Biosfera galegas e por último consideran a importancia de que formen parte do Comité as Universidades galegas, membros do Comité científico do Programa MaB e persoas expertas que poderían ser designadas entre personalidades relevantes e de recoñecido prestixio.

. Asunción dun compromiso económico da consellería para levar a cabo acción e actuacións conxuntas a todas as Reservas da Biosfera galegas, existencia dun departamento na Consellería que asuma a Secretaría Técnica da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia que preste o apoio administrativo necesario e proposta de que sexa Lugo a sede oficial de Rede de Reservas da Biosfera de Galicia.

2º. Mediante escrito do 25 de novembro de 2016, se formulan as seguintes alegacións:



. Estima a oportunidade da aprobación do Regulamento de funcionamento do Comité de Coordinación como órgano colexiado que rexerá o funcionamento da Rede, no mesmo decreto de creación da Rede, pois será o único xeito de asegurar que dito Comité poida levar a cabo as súas funcións de asesoramento e coordinación das Reservas da Biosfera galegas.

A redacción actual do proxecto de decreto non aparece reflectida de xeito claro a necesidade de representación do Comité, dos órganos de xestión de cada unha das Reservas da Biosfera galegas. No resto de Comunidades autónomas o Regulamento ten sido aprobado ao tempo que o propio decreto.

. Estima convinte que a creación do Rede de Reservas da Biosfera galegas e o seu Comité de Coordinación, como órgano colexiado con sede na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, debería conlevar un compromiso económico da propia consellería para poder levar a cabo proxectos e accións en común a todas as Reservas da Biosfera.

. Estima que se debe considerar na redacción do decreto, que neste documento quede reflecta a creación ou adscripción ao Comité de xestión das Reservas da Biosfera galegas, dun departamento único do organigrama da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio que asuma a Secretaría Técnica da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia, para que preste o apoio administrativo necesario para a execución dos acordos do Comité de Coordinación, así como que cumpra coa función de distribución de información e intercambios entre as Reservas.

3º. A Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar remite un escrito do 23 de novembro de 2016, co que achegan un Informe sobre a incidencia no sector da acuicultura do proxecto de decreto polo que se crea a Rede de Reservas da Biosfera de Galicia desta mesma data.

Neste sentido, no informe logo de especificar a existencia ou non de Centros de Acuicultura no ámbito físico destas Reservas da Biosfera, considera que no momento que se estableza a composición, función e organización e funcionamento do Comité de Coordinación da Rede de Reservas da Biosfera debería incluírse entre os membros que compoñen o dito Comité, a un representante da consellería competente en materia de acuicultura.

4º. A Secretaría Xeral para a Presidencia mediante correo electrónico do 18 de novembro de 2016, achega escrito de alegacións da Axencia de Turismo de Galicia do 2 de novembro de 2016, no que á marxe de non formular observacións ao proxecto, propoñen para o futuro desenvolvemento regulamentario do Comité de Coordinación previsto na súa Disposición derradeira segunda a presenza no mesmo dun representante da Axencia Turismo de Galicia, como entidade competente en materia



de turismo da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, a Axencia de Turismo de Galicia remite como entidade á que se lle dá traslado do proxecto en trámite de audiencia, o informe citado en data do 2 de novembro de 2016.

5º. A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda mediante o correo electrónico do 22 de novembro de 2016, sinala que non se van facer alegacións ao dito proxecto.

6º. A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria mediante o correo electrónico do 28 de novembro de 2016, sinala que non van a facer alegacións ao dito proxecto

7º. A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Facenda mediante o correo electrónico do 8 de novembro de 2016, sinala que non van a facer alegacións ao dito proxecto, se ben lembra a obriga de solicitar Informe da Dirección Xeral de Orzamentos conforme co artigo 42 da lei 16/2010.

8º. A Secretaría Xeral de Igualdade ten emitido Informe do 21 de decembro de 2016, propoñendo engadir unha disposición adicional ("No exercicio e desenvolvemento da aplicación deste decreto terase en conta a perspectiva de xénero), un alinea 2 ao artigo 3 ("As designacións faranse procurando acadar unha presenza equilibrada de homes e mulleres na composición total do Comité") e unha pequena matización no artigo 2 ("dise os integrantes e propón persoas integrantes").

II. Resumo de alegacións. Valoracións:

1. Representación dos órganos de xestión das Reservas da Biosfera no Comité de Coordinación da Rede de Reservas de Galicia.

Valoración: O obxecto da creación da Rede de Reservas de Biosfera de Galicia é cohesionar e reforzar os vínculos existentes entre as distintas Reservas da nosa comunidade autónoma, tanto das xa declaradas como das que nun futuro se poidan declarar, polo que é evidente que a participación e representación das Reservas da Biosfera de Galicia (a través dos seus órganos de xestión) na Rede que se crea, está fóra de calquera dúbida e así se recollerá no desenvolvemento normativo ao respecto.

2. Inclusión no Comité dos responsables das consellerías competentes nas distintas materias sectoriais: desenvolvemento sostible e cambio climático, ordenación do territorio, conservación da natureza, desenvolvemento rural, promoción educativa, benestar social, patrimonio cultural e promoción turística, entre outras.

Valoración: Esta alegación debe ter igualmente unha acolla favorable, pero será no futuro desenvolvemento normativo ao respecto onde se proceda á creación de tal



Comité e a determinar a súa composición, no que deberán ter presenza tanto os territorios declarados como Reservas da Biosfera, como as distintas Administracións e departamentos sectoriais que poidan resultar directamente interesados pola Rede.

3. Creación dunha Comisión Consultiva da Rede, como órgano plural de asesoramento e de participación da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia, dependente do Comité de Coordinación, do que poden formar parte: Representantes dos concellos, representantes de organizacións non gubernamentais, as Universidades galegas e persoas expertas que poderían ser designadas entre personalidades de recoñecido prestixio, así como proposta de fixar no concello de Lugo a sede da Rede.

Valoración: Esta alegación debe ser rexeitada, xa que logo o artigo 3 deste proxecto deriva a creación dun órgano colexiado como órgano de xestión da Rede (artigo 3), a un momento ulterior á aprobación e entrada en vigor deste decreto. Non obstante o anterior, este órgano de xestión, se configurará evidentemente non só como un órgano de xestión, senón tamén de participación de carácter colexiado.

4. Aprobación do Regulamento de funcionamento do Comité de Coordinación como órgano colexiado que rexerá o funcionamento da Rede, no mesmo decreto de creación da Rede.

Valoración: Esta alegación debe ser rexeitada, toda vez que a modificación operada no artigo 3 deste decreto, supón diferir a creación de tal Comité, a un momento ulterior á aprobación deste decreto.

5. Asunción dun compromiso económico da propia consellería, que debe acompañar á creación do Rede de Reservas da Biosfera galegas e o seu Comité de Coordinación, como órgano colexiado con sede na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Valoración: Esta alegación debe ser rexeitada en base á mesma valoración formulada no apartado anterior.

6. Creación ou adscripción ao Comité de xestión das Reservas da Biosfera galegas, dun departamento único do organigrama da consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio que asuma a Secretaría Técnica da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia, que debe quedar reflicto neste decreto.

Valoración: Esta alegación debe ser rexeitada, xa que a modificación do artigo 3 conlevou diferir a creación do Comité a un momento ulterior á aprobación e entrada en vigor deste decreto.



7. Proposta de engadir unha disposición adicional única e dúas matizacións aos artigos 2 e 3 , en materia de impacto de xénero.

Consonte o expresado no informe en materia de impacto de xénero, incorporase unha disposición adicional única, nos termos propostos e non se incorpora a proposta relativa ao artigo 2, xa que o texto non se refire a persoas senón a Reservas da Biosfera integrantes da Rede, nin a referencia ao artigo 3, ao non se considerar necesaria logo da inclusión da disposición adicional.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2017

A directora Xeral de Patrimonio Natural

Ana María Díaz López

